



Ordenanza municipal de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro - Réxime Interior - Animais

21 de Agosto de 2002

ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lexislación sectorial sobre a protección animal pretende garantir a convivencia entre as persoas e os animais que habitan no entorno humano. O principio fundamental na protección dos animais está fixado na posesión ou tenza responsable, de xeito que as persoas asumirán o debido coidado dos animais como contraprestación que lles deben fronte a utilidade que estes implican.

Con carácter xeral, a Lei autonómica 1/93, do 13 de abril, de Protección dos Animais domésticos e salvaxes en cativeiro, desenvolvida polo Decreto 153/98, do 2 de abril, fixa as disposicións que rexon sobre a protección destes animais en Galicia, establecendo un conxunto de obrigas e prohibicións de cara ós propietarios dos mesmos que pretenden salvagardar a condición dos animais e os dereitos dos propietarios á súa tenza e disfrute, sen prexuízo da adecuación destes dereitos ó principio de responsabilidade. Polo tanto, da tenza de animais non pode resultar nunca un uso abusivo fronte ó propio animal nin irrespoetoso ou molesto fronte ás demais persoas.

Recentemente establécese un novo campo normativo sobre a tenza de animais considerados potencialmente perigosos, en atención á demanda social de seguridade pública derivada de certos ataques de cans contra persoas, polo feito da proliferación da posesión destes animais en cativeiro, en domicilios ou recintos privados, constituíndo un potencial perigo para a seguridade de persoas, bens e outros animais. A tal fin, a Lei estatal 50/99, do 23 de decembro, regula o réxime xurídico da tenza de animais perigosos, sendo desenvolvida polo Real Decreto 287/02, de 22 de marzo, e no ámbito autonómico polo Decreto 90/02, do 28 de febreiro. Destas normas advírtese que a consideración como perigoso dun animal depende tando de factores ambientais como xenéricos, sen prexuízo de que se adopta a solución de estimar un listado de razas de cans como potencialmente perigosos en atención ó feito de que teñen a capacidade de causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais.

A regulación sobre a tenza de animais potencialmente perigosos establece un conxunto de obrigas con respecto ós seus propietarios, sendo destacable a necesidade de obtención dunha licenza administrativa para a tenza e a inscrición desa autorización nun rexistro creado a tal fin polos Concellos.

Existen, en definitiva, novas prestacións por parte dos Concellos no eido da tenza dos animais, sempre procurando en todo caso a salvagarda e a protección dos mesmos, pero actuando co conxunto de potestades administrativas que lles corresponden na procura da orde pública e da axeitada convivencia cidadá.

Todo isto xustifica a redacción do presente Regulamento, que pretende adecuar a normativa exposta, aprobada con posterioridade á entrada en vigor da Ordenanza municipal do Concello de Oleiros sobre animais á que substitúe, publicada o 16 de maio de 1992. A presente Ordenanza ten como fin a definición, como complemento das disposicións xerais, daqueles aspectos que son considerados específicos na aplicación das mesmas no termo municipal de Oleiros.

Regúlase nesta disposición, no seu Título I o seu obxecto e a tipoloxía dos animais, á fin de crarificar conceptos presentes ó longo do articulado. O Título II refírese ás obrigas dos posuidores dos animais domésticos e salvaxes en catividade, establecéndose no Título III as dos tedores de animais potencialmente perigosos, destacando o conxunto de actividades prohibidas para os propietarios e a creación dos rexistros municipais. Os Títulos IV e V regulan, respectivamente, as agresións ás persoas e as medidas de protección dos animais de carácter xeral. O Título VI refírese á problemática dos animais abandonados, tratando de ofrecer solucións a unha práctica certamente censurable. No Título VII alúdese á celebración de concursos e exposicións de animais, rematando no Título VIII co réxime sancionador.

Así, e facendo uso das facultades que veñen dadas polo artigo 6 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, apróbase a presente Ordenanza co seguinte contido:

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS (arts. 1-5)

Capítulo I: Ámbito de aplicación e competencias das Administracións Públicas.
Capítulo II: Das Asociacións de protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en catividade.
Capítulo III: Tipoloxía de animais.

TÍTULO II. DAS OBRIGAS DOS POSUIDORES DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE (arts. 6-19)

Capítulo I: Das obrigas de carácter xeral dos posuidores e das actividades prohibidas.
Capítulo II: Normas para tránsito de animais.
Capítulo III: Dos animais domésticos de compañía.
Capítulo IV: Da responsabilidade dos posuidores dos animais.
Capítulo V: Do Rexistro municipal de animais domésticos e salvaxes en catividade.

TÍTULO III. DA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS (art. 20-42)

Capítulo I: Animais considerados potencialmente perigosos.
Capítulo II: Da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos.
Capítulo III: Do Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
Capítulo IV: Das obrigas dos veterinarios, propietarios e tedores de animais potencialmente perigosos.
Capítulo V: Normas para o tránsito de animais potencialmente perigosos.
Capítulo VI: Do adestramento.

TÍTULO IV. DAS AGRESIÓNS A PERSOAS (arts. 43-47)

TÍTULO V. DAS MEDIDAS DE PROTECCIÓN (arts. 48-57)

Capítulo I: Medidas de protección fomentadas polo Concello.

Capítulo II: Dos establecementos.

Capítulo III: Do transporte de animais.

Capítulo IV: Da experimentación.

Capítulo V: Controis sanitarios.

Capítulo VI: Da inspección e vixiancia.

TÍTULO VI. DOS ANIMAIS ABANDONADOS (arts. 58-62)

TÍTULO VII. CONCURSOS E EXPOSICIÓNS (art. 63)

TÍTULO VIII. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS (arts. 64-76)

Capítulo I: Das infraccións.

Capítulo II: Das sancións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

DISPOSICIÓN FINAL.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPITULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN E COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Artigo 1: O presente Regulamento ten por obxecto establecer as normas para a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro no termo municipal de Oleiros. Quedan excluídos desta regulación os animais que sexan obxecto de regulamentación específica, como son os criados para o aproveitamento das súas producións ou os salvaxes.

Artigo 2: Correspóndelle ó Concello de Oleiros a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal.

Todas as Administracións Públicas deberán de cooperar no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais, e na denuncia ante os órganos competentes de calquera actuación contraria ás disposicións da presente regulamentación, ou das normas de protección dos animais.

CAPÍTULO II: DAS ASOCIACIÓNS DE PROTECCIÓN E DEFENSA DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE.

Artigo 3: Considéranse Asociacións de protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro aquelas que se constituían legalmente, sen fin de lucro, tendo por obxectivo fundamental a defensa e protección dos animais no medio no que viven, sendo consideradas de utilidade pública.

Artigo 4: 1. As Asociacións de protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro deberán de cumprir os requisitos esixidos pola normativa autonómica co fin de ser consideradas como tales, e actuarán coa colaboración do Concello na realización dos seus fins.

2. As Asociacións teñen a obriga de denunciar os feitos que consideren infracción, de acordo co previsto no presente Regulamento.

CAPÍTULO III: TIPOLOXÍA DE ANIMAIS

Artigo 5: 1. Para os efectos do establecido no presente Regulamento, entenderase por:

a) Animais domésticos: os que pertencen a especies que habitualmente se crían, reproducen e conviven co home, con fins educativos, sociais ou lúdicos, sen ningunha actividade lucrativa e que non son susceptibles de ocupación.

b) Animais de compañía: os animais domésticos das especies canina e felina, así como os doutras especies que se crían, xeralmente no propio fogar, con obxecto de obter a súa compañía (subespecie de animal doméstico).

c) Animais salvaxes en cativeiro: os que, sendo libres pola súa condición, sexan obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.

d) Animal abandonado: o que circula libremente aínda que estea provisto de identificación oficial, se no prazo de vinte días a partir da súa captura non é reclamado por ninguén que acredite a súa relación posesoria.

e) Animal potencialmente perigoso: todo aquel animal que, pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, sendo utilizado como animal doméstico, ou de compañía, con independencia da súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan a capacidade de causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e danos ás cousas.

2. A tenza de animais domésticos distintos dos establecidos no parágrafo anterior, de animais exóticos, e de animais salvaxes en domicilios particulares, estará sometida á autorización expresa deste Concello, debendo ser acreditada a procedencia legal no caso da posesión de animais pertencentes a especies susceptibles de propiedade segundo os tratados internacionais ratificados polo Estado español.

En ningún caso se permite a posesión de animais salvaxes de manifesta agresividade, así como de animais susceptibles de poder provocar envelenamentos pola súa picadura ou mordedura.

TÍTULO II: DAS OBRIGAS DOS POSUIDORES DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

CAPÍTULO I: DAS OBRIGAS DE CARÁCTER XERAL DOS POSUIDORES E DAS ACTIVIDADES PROHIBIDAS.

Artigo 6: Os posuidores de animais ós que se refire o presente Regulamento estarán obrigados en todo momento a:

- a) Mantelo en boas condicións hixiénico-sanitarias e realizar calquera tratamento preventivo ou vacinacións que se declararan obrigatorias, ou que sexan necesarias para o seu benestar ou a protección da saúde pública.
- b) Proporcionarlle a alimentación, a auga e os coidados que estean en consonancia coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas do animal.
- c) Facilitarlle un aloxamento que deberá proporcionarlle un ambiente adecuado, cómodo e hixiénico.
- d) Non maltratalo nin sometelo a ningunha práctica que lle poida producir sufrimento ou danos inxustificados.
- e) Non subministrarlle substancias que poidan causarlle sufrimento ou danos innecesarios, nin aquelas que se empreguen para modificar o comportamento do animal coa finalidade de aumentar o seu rendemento, salvo que se efectúe por prescripción facultativa.
- f) Non abandonalo.
- g) Adoptar as medidas necesarias para que o animal non poida acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados, así como impedir o seu libre acceso a persoas, animais ou cousas que se atopen neles.
- h) A adoptar as medidas precisas para impedir que lixen as vías e espazos públicos de zonas urbanas, debendo recoller os excrementos que os animais depositen nas beirarrúas, vías e espazos públicos, fóra dos lugares contados para o efecto.
- i) Os posuidores de animais que se atopen en liberdade en predios ou recintos deberán dispor os medios adecuados para evitar que poidan ocasionar danos ou molestias ós viandantes. Asemade, procurarán que a circulación e o transporte dos animais pola vía pública se leve a cabo coas adecuadas medidas de protección.

Artigo 7: Queda prohibido con carácter xeral e respecto de tódolos animais:

- a) Maltratar ou agredir físicamente os animais ou sometelos a calquera outra práctica que lles supoña sufrimentos ou danos inxustificados.
- b) Abandonalos.
- c) O uso de toda sorte de mecanismos que, destinados a limitar ou impedir a mobilidade

dos animais, lles produzan a estes danos ou sufrimentos innecesarios, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural.

d) Desatender a súa alimentación ou reducila a un nivel de simple subsistencia que poida implicar riscos para a saúde do animal ou que resulte inadecuada para as súas características fisiolóxicas.

e) Mantelos en condicións inadecuadas dende o punto de vista hixiénico-sanitario ou desatender a práctica do coidado e atención necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo raza e especie.

f) Obrígalos a traballar ou a producir en caso de enfermidade, desnutrición, así como cando exista o risco dunha sobreexplotación que poña en perigo a súa saúde.

g) Subministrarlles substancias non permitidas coa finalidade de aumentar o seu rendemento ou produción.

h) Practicarlles mutilacións ós animais, salvo as supervisadas por un facultativo competente en caso de necesidade ou para conseguir a presentación habitual da raza.

i) Vendérllelos ou cedérllelos a laboratorios, clínicas e particulares co obxecto de seren utilizados en experimentación, sen a correspondente autorización.

l) Vendérllelos ós menores de 14 anos e ós incapacitados, sen a autorización daqueles que teñan a potestade paterna ou custodia.

m) Exercer a venda ambulante de animais sen a correspondente autorización municipal, ou fóra dos lugares ou mercados indicados para isto.

n) O sacrificio non eutanásico dos animais de compañía.

o) A celebración de certames, concursos, exposicións ou concentracións de animais sen a autorización previa do órgano autonómico competente nesta materia.

p) A caza, posesión, exhibición, compravenda, cesión, circulación, doazón ou calquera outra forma de transmisión de especies protexidas pola normativa vixente, incluídos os convenios internacionais, sen as correspondentes autorizacións expedidas polas autoridades competentes.

q) A tenza de animais perigosos para o home sen dispor de recintos apropiados e a súa circulación en espazos públicos ou en locais abertos ó público sen as debidas garantías de seguridade.

r) Calquera outra acción ou omisión tipificada como infracción polos artigos do 66 ó 68 do presente Regulamento.

Artigo 8: Con carácter específico, prohíbese tamén:

a) A utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos e outras actividades que leven consigo maltrato, crueldade ou sufrimento dos animais.

b) A filmación ou realización de escenas de cine, televisión, ou calquera outro medio audiovisual, que recolla escenas de crueldade, maltrato ou sufrimento de animais, salvo autorización expresa do órgano competente, que verificará que o dano aparente causado ós animais sexa, en todo caso, simulado.

c) A utilización ambulante de animais como reclamo publicitario.

d) Mendigar na vía pública utilizando como reclamo calquera animal.

e) Alimentar ós animais na vía pública, sobre todo aqueles que non teñan propietario coñecido.

f) O traslado de animais nos medios de transporte público, a excepción dos servicios de taxi a criterio do conductor. En todo caso, os cans de guía de persoas con deficiencias visuais poderán circular nos transportes públicos, sempre que estean co seu dono e garden as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade.

g) A entrada e permanencia de animais en establecementos destinados á fabricación, manipulación, almacenamento, transporte e venda de produtos alimenticios, agás os cans de persoas con deficiencias visuais.

h) A entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, en recintos de práctica de deporte ou piscinas, así como nos espazos destinados especialmente a xogos ou espallamento infantil, agás os cans de guía de persoas con deficiencias visuais.

i) A entrada de animais en establecementos públicos ou aloxamentos hoteleros, cámpings, etc., agás os cans de guía de persoas con deficiencias visuais, sen prexuízo de que os donos dos citados establecementos poidan permitir, baixo o seu criterio e responsabilidade, a entrada de animais ós mesmos.

Artigo 9: 1. O acceso e permanencia dos animais en lugares comunitarios privados ou nas súas dependencias, tales como sociedades culturais, recreativas ou similares, zonas de uso común de comunidades de veciños ou outras, estará suxeito ás normas que rixan nas devanditas entidades.

2. No caso de posesión de animais aloxados en edificacións destinadas a vivenda humana, deberán cumprirse as condicións hixiénicas axustadas ó seu aloxamento garantindo a ausencia de riscos sanitarios e que non se ocasionen perigos ou lles produzan molestias ós veciños.

3. En todo caso, dende as 22.00 horas ata as 8.00 horas do día seguinte está prohibido deixar en patios, terrazas, balcóns ou espazos abertos ós animais, de forma que cos seus sonidos, ladridos ou ruídos perturben o descanso dos veciños. Os propietarios dos animais que habiten nas propias vivendas coidarán de que estes non causen as devanditas molestias no horario mencionado.

Artigo 10: 1. De forma expresa, e no referente a cans, queda prohibido:

a) Deixar as deposicións dos animais nas beirarrúas ou nas zonas de paso de peóns e, en

xeral, en toda a vía pública. As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios dos cans e colocadas de forma hixiénicamente aceptable nos contenedores de recollida de lixo ou en lugares habilitados para tal fin. Non poderán empregarse a estes efectos as papeleiras públicas ou entradas de sumidoiros.

Os propietarios dos animais son responsables da eliminación destas deposicións. No caso de que se produza a infracción desta norma, a Policía Local poderá requirir ó propietario ou á persoa que conduza o can para que proceda a retirar as deposicións.

b) A circulación e estadía de animais en: praias e na zona de litoral marítimo.

2. As persoas que empreguen cans para a vixilancia de predios, obras ou calquera outra propiedade, estando estes en liberdade, deberán dispor os medios adecuados para evitar que poidan ocasionar danos ou molestias ós viandantes e, en todo caso, daranlles alimento, aloxamento, espacio e curas axeitadas, ademais de telos censados e identificados.

3. Os cans ceibes en vivendas con acceso á vía pública deberán estar cercados de xeito que non poidan asustar ós viandantes.

4. Deberá advertirse en lugar visible a existencia dun can de garda.

CAPÍTULO II: NORMAS PARA TRÁNSITO DE ANIMAIS.

Artigo 11: 1. Tódolos animais, cando transiten por vías públicas ou zonas verdes, teñen que ir debidamente controlados mediante cadea, correa e colar, ou outro medio máis axustado para cada especie.

2. Asemade, os animais que transiten por vías públicas ou zonas verdes deberán contar coa correspondente identificación, habilitando como válidas as identificacións levadas a cabo con métodos homologados segundo normas comunitarias.

Artigo 12: Nas vías públicas ou zonas verdes os cans irán provistos de buceiro, ademais de cumprir o disposto no artigo precedente.

Artigo 13: 1. Exceptúase o uso de correa ou medio de suxección, así como o de buceiro, ós cans que se empreguen nas tarefas agrícolas ou gandeiras mentres desenvolvan as súas actividades no ámbito rural, e aqueles que se empreguen na caza no tempo e forma legal. Tamén no caso dos que circulen fóra dos núcleos urbanos por terreos agrícolas en compañía dunha persoa responsable, ou en terreos forestais ou costeiros sempre que non concorran coa presenza de terceiras persoas.

2. Cabe a aplicación da excepción do artigo anterior no caso dos cans de guía de persoas con deficiencias visuais.

CAPÍTULO III: DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS DE COMPAÑA.

Artigo 14: A tenza de animais domésticos de compañía en vivendas urbanas queda condicionada ás circunstancias hixiénicas óptimas de aloxamento, á ausencia de riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de molestias para os veciños.

Artigo 15: 1. Queda expresamente prohibida a presenza de animais nos parques, praias e espazos públicos, especialmente os frecuentados por nenos. Asemade, prohibese a presenza de animais nos piscinas públicas. Exceptúanse os cans de guía de persoas con deficiencias visuais.

2. O concello poderá facilitar os medios e espazos axeitados para que os animais poidan realizar as súas funcións fisiolóxicas nas debidas condicións hixiénicas.

CAPÍTULO IV: DA RESPONSABILIDADE DOS POSUIDORES DOS ANIMAIS

Artigo 16: O posuidor dun animal, sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria do propietario, será responsable dos danos, prexuíxos e molestias que ocasione ás persoas, animais, cousas, espazos públicos e ó medio natural en xeral, de acordo co establecido no artigo 1905 do Código Civil, e con suxección á lexislación aplicable no seu caso.

CAPÍTULO V: DO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

Artigo 17: 1. Tódolos animais da especie canina do termo municipal deberán estar censados no Rexistro de animais domésticos e salvaxes en catividade do Concello.

2. Será obrigatorio o censo de animais doutras especies diferentes da canina no suposto de que así o dispoña a Administración competente.

3. O censo municipal de animais domésticos e salvaxes en catividade será levado polo Concello, podendo contar coa colaboración de veterinarios autorizados.

4. Os datos que consten no censo municipal serán comunicados periódicamente ó órgano autonómico competente para a formación do censo ó que se refire o artigo 7 da Lei 1/93, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade, e dos demais censos que correspondan.

Artigo 18: No Rexistro de animais domésticos e salvaxes en catividade do Concello deberán figurar os seguintes datos:

a) Identificación do animal, coa especie, raza, idade e no seu caso o nome do animal.

b) Identificación do propietario, posuidor ou persoa que asuma a responsabilidade, co seu nome, apelidos, DNI, domicilio e teléfono.

c) O número e a data de expedición da cartilla sanitaria expedida polo veterinario que identificou ó animal. Sobre ela anotaranse as sucesivas vacinacións e tratamentos obrigatorios que este reciba.

Artigo 19: 1. Para que figuren no Rexistro os animais deberán estar identificados individualmente, mediante tatuaxe lexible na súa pel ou identificación electrónica mediante a imprantación dun microchip ou transponder homologado.

2. No caso da morte ou desaparición do animal, o propietario comunicará esta

circunstancia ó Rexistro municipal no prazo máximo de 15 días, causando baixa.

3. Se se transfire a propiedade do animal ou varía de domicilio ou de poboación, tamén se está obrigado a comunicalo no prazo máximo de quince (15) días.

4. No Rexistro levaráanse nota de baixas, perdas ou traslados fóra do Concello, así como dos trocos de titularidade.

5. Tódolos animais inscritos dispoñerán da correspondente cartilla sanitaria na que constarán tódolos antecedentes de identificación e sanitarios dende a súa primeira inscrición ata a morte do animal. A devandita cartilla deberá estar á disposición das autoridades para a súa comprobación cando fose requirido o posuidor para a súa presentación.

TÍTULO III: DA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

CAPÍTULO I: ANIMAIS CONSIDERADOS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Artigo 20: Considéranse animais potencialmente perigosos todos aqueles que, pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, sendo empregados como animais domésticos ou de compañía, con independencia da súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan a capacidade de causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e danos ás cousas.

Artigo 21: 1: En todo caso, entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou a cousas.

b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que polas súas características raciais poidesen ser aptos para o seu adestramento para a garda e defensa e, en concreto, os pertencentes ás razas seguintes: American Staffordshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Arxentino, Dogo de Burdeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Ca de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu. Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destes, cruces destas razas entre sí ou cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A dita agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio ou logo de notificación ou denuncia e logo de informe dun adestrador ou veterinario.

2. Tamén serán considerados como potencialmente perigosos aqueles cans que presenten unhas características físicas apreciadas pola autoridade competente, ben de oficio ou logo de denuncia, sempre baixo a existencia de informe veterinario. As

devanditas características físicas serán todas ou a maioría das seguintes:

- a) Forte musculatura, aspecto poderoso, robusto, configuración atlética, axilidade, vigor e resistencia.
- b) Marcado carácter e gran valor.
- c) Pelo corto.
- d) Perímetro torácico comprendido entre 60 e 80 centímetros, altura á cruz entre 50 e 70 centímetros e peso superior a 20 kilos.
- e) Cabeza voluminosa, cuboide, robusta, con cráneo ancho e grande e meixelas musculosas e abombadas. Mandíbulas grandes e fortes, boca robusta, ancha e profunda.
- f) Pescozo ancho, musculoso e corto.
- g) Peito macizo, ancho, grande, profundo, costelas arqueadas e lombo musculado e corto.
- h) Extremidades anteriores paralelas, rectas e robustas, e extremidades posteriores moi musculosas, con patas relativamente longas formando un ángulo moderado.

CAPÍTULO II: DA LICENCIA MUNICIPAL PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Artigo 22: 1. O Concello outorgará unha licenza administrativa para a tenza dos animais potencialmente perigosos sempre que o interesado acredite o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Non ter sido condeado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade sexual e a saúde pública, asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenza de animais potencialmente perigosos.
- c) Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/99, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, no seu caso, renovación da licenza, ter sido sancionado coa suspensión temporal da mesma, sempre que no momento da solicitude a sanción de suspensión anteriormente disposta fose cumprida íntegramente.
- d) Dispoñer de capacidade física e aptitude psicolóxica para a tenza de animais potencialmente perigosos.
- e) Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento vintecinco mil euros (125.000 euros), que se renovará anualmente, pola responsabilidade dos donos dos animais potencialmente perigosos derivada dos

danos que o animal poida causar a terceiros, aínda que este fose cedido a outra persoa para ser coidado. A constitución do devandito seguro será requisito indispensable para a inscrición no rexistro.

2. O cumprimento dos requisitos establecidos nos parágrafos b), c) e d) do número 1 deste artigo acreditaranse de conformidade co establecido no Real Decreto 287/02, de 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/99, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

3. A obtención da licenza para a tenza de animais salvaxes en cativeiro, considerados como potencialmente perigosos requirirá, ademais dos requisitos especificados no número 1 deste artigo, a presentación dunha memoria descriptiva das instalacións e das medidas de seguridade empregadas para impedir a fuxida dos animais. A devandita memoria deberá estar subscrita por veterinarios, biólogos ou outros facultativos superiores.

Artigo 23: A licenza terá un período de validez de cinco anos, podendo ser renovada por períodos sucesivos de igual duración. Non obstante, a licenza perderá a súa vixencia no momento no que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos establecidos no artigo anterior. Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo seu titular no prazo de quince (15) días, contados dende a data na que se produza, ó órgano do Concello competente ó que lle corresponde a súa expedición.

Artigo 24: A intervención, medida cautelar ou suspensión que afecte á licenza administrativa en vigor, acordada en vía xudicial ou administrativa, será causa para denegar a expedición doutra nova ou a súa renovación ata que aquelas se levantasen.

CAPÍTULO III: DO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Artigo 25: Os titulares da licenza administrativa á que se refire o Capítulo anterior deberán solicitar a inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

Artigo 26: O Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello contará cos seguintes datos:

- a) Datos persoais do posuidor: nome, enderezo habitual, DNI e teléfono de contacto.
- b) Características do animal que fagan posible a súa identificación: idade, especie, raza, características externas e identificación mediante o número do microchip, xunto co seu nome no seu caso.
- c) Lugar habitual de residencia do animal.
- d) Función/aptitude do animal (compaña ou garda, defensa, caza).

Artigo 27: O Concello remitirá os datos do Rexistro municipal ó Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compaña e Potencialmente Perigosos.

Artigo 28: Nas follas rexistradas de cada animal farase constar o certificado de sanidade expedido pola autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso.

Artigo 29: Deberá comunicarse ó Rexistro municipal a venda, traspaso, doazón, roubo, morte ou perda do animal, facéndose constar na súa correspondente folla rexistral.

Artigo 30: 1. Os incidentes producidos por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, faranse constar na folla rexistral de cada animal, que será pechada coa súa morte ou sacrificio certificado polo veterinario ou autoridade competente.

2. A autoridade responsable do Rexistro notificará ás autoridades administrativas ou xudiciais competentes as incidencias relevantes que consten no Rexistro para a súa valoración e, no seu caso, adopción de medidas cautelares ou preventivas.

CAPÍTULO IV: DAS OBRIGAS DOS VETERINARIOS, PROPIETARIOS E TEDORES DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Artigo 31: 1. Os veterinarios que prestaren asistencia sanitaria a un animal sospeitoso de ser empregado en pelexas, ou que observaran que o animal presente cicatrices ou lesións relacionadas con esta práctica ou con outras actividades prohibidas, deberán poñelo en coñecemento do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos. Tamén farán esta comunicación cando coñezan a existencia dunha mordedura ou agresión provocada por animal potencialmente perigoso.

Artigo 32: 1. Con carácter xeral, os propietarios e posuidores de animais potencialmente perigosos estarán suxeitos ás obrigas e prohibicións establecidas no Capítulo I do Título II do presente Regulamento.

2. Os propietarios ou posuidores de animais potencialmente perigosos están obrigados a solicitar a licenza á que se refire o Capítulo II do presente Título e a inscribilos no Rexistro ó que se refire o Capítulo III do presente Título.

Artigo 33: 1. Os propietarios, criadores ou tedores dos animais potencialmente perigosos terán a obriga de identificar os mesmos cun microchip nos seus tres primeiros meses de vida ou nun mes despois da súa adquisición. A identificación dos animais da especie canina, coa debida garantía, é obrigatoria sen excepcións.

2. A identificación mediante o microchip ou transponder farase baixo o cumprimento das características e do procedemento regulados nos artigos 9 e 10 do Decreto 90/02, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 34: Os propietarios, criadores ou tedores de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir tódalas normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente, de xeito que garantan a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación.

CAPÍTULO V: NORMAS PARA O TRÁNSITO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Artigo 35: O Concello poderá regular as condicións en que se autorice a circulación e estadía dos animais potencialmente perigosos en rúas, parques e vías públicas, podendo determinar, por razóns de seguridade e orde pública, as zonas en que se prohíba a súa estadía e circulación.

Artigo 36: A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espacios públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licencia administrativa e a certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal ás que se refiren os Capítulos II e III deste Título. Os devanditos documentos poderán ser requeridos en todo momento pola Autoridade municipal.

Artigo 37: Os cans que conforme a este Regulamento sexan considerados como potencialmente perigosos terán que circular nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con cadea ou correa non extensible de lonxitude non superior a dous metros, provistos do correspondente buceiro homologado e axeitado para a súa raza, e en ningún caso poderán ser conducidos por un menor de dezaseis anos. Non poderá levarse máis de un destes cans por persoa.

Artigo 38: Os animais potencialmente perigosos que se atopen nunha finca, casa de campo, chalet, parcela, patio, terraza ou calquera outro lugar delimitado, deberán de estar suxeitos, a non ser que se dispoña de habitáculo coa superficie, altura e axeitado peche, para protexer ás persoas ou animais que accedan ou se acheguen a estes lugares.

Artigo 39: A substracción ou perda do animal deberá de ser comunicada polo seu titular ó responsable do Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos no prazo máximo de corenta e oito horas dende que se teña coñecemento dos feitos.

Artigo 40: A responsabilidade dos posuidores de animais potencialmente perigosos rexerase segundo o disposto no artigo 16 do presente Regulamento.

Artigo 41: Cando as circunstancias así o aconsellen, poderanse establecer excepcións ó cumprimento de determinadas obrigas dos propietarios de animais potencialmente perigosos nos casos de:

- a) Organismos públicos ou privados, que utilicen estes animais cunha función social.
- b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como de actividades de carácter cinexético.
- c) Probas de traballo e deportivas con fins á selección dos exemplares que participan nelas e que estean autorizadas e supervisadas pola Autoridade competente, con exclusión dos exercicios para pelexas e ataque.

CAPÍTULO VI: DO ADESTRAMENTO

Artigo 42: 1. Queda prohibido o adestramento de animais dirixido exclusivamente a

acrecentar e reforzar a súa agresividade para as pelexas ou para o ataque.

2. En todo caso a actividade de adestramento farase de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 50/99, de 23 de decembro, de réxime xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos, e no Capítulo IV do Decreto 90/02, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO IV: DAS AGRESIÓNS A PERSOAS

Artigo 43: 1. As persoas que fosen agredidas por un animal darán conta disto ás autoridades sanitarias.

2. Os propietarios ou posuidores de animais agresores están obrigados a facilitar os datos correspondentes do animal agresor tanto á persoa agredida como ós seus representantes legais e ás Autoridades competentes que o soliciten.

3. Calquera persoa que advirta un risco posible para a saúde poderá dar conta disto ás autoridades sanitarias e, en todo caso, é obrigación dos sanitarios ou dos centros que atendan ós agredidos efectuar a correspondente denuncia.

Artigo 44: 1. Os animais que agrediran a unha persoa e que, a xuízo dun servizo veterinario oficial poida ser sospeitoso de transmitir enfermidade infecto-contaxiosa, poderán ser retidos polos servizos municipais, coa colaboración, no seu caso, das asociacións de protección e defensa dos animais, e se manteran en observación veterinaria durante catorce días.

2. Esta retención e observación poderá levarse a cabo no propio domicilio ou noutra instalación do posuidor do animal.

3. Cando estea probada a agresividade dun animal de xeito fidedigno, será retirado polos servizos correspondentes previo informe técnico no que se determinará o destino do animal.

Artigo 45: No caso de animais considerados potencialmente perigosos, será da responsabilidade do propietario, tedor ou criador dun animal que agreda a persoas ou outros animais causándolles feridas de mordedura, que o animal sexa sometido a recoñecemento dun veterinario en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infecto-contaxiosa.

Artigo 46: Tódolos gastos ocasionados ó Concello pola retención e control dos animais agresores, abandonados, extraviados ou feridos serán por conta dos propietarios dos mesmos.

Artigo 47: A esterilización dos animais considerados potencialmente perigosos, ademais de poderse facer por vontade dos seus propietarios, realizarase obrigatoriamente por mandato xudicial ou resolución administrativa nos supostos de reiteradas agresións ás

persoas ou danos a outros animais ou ás cousas, de acordo co procedemento regulado no Capítulo VI do Decreto 90/02, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO V: DAS MEDIDAS DE PROTECCIÓN

CAPÍTULO I: MEDIDAS DE PROTECCIÓN FOMENTADAS POLO CONCELLO.

Artigo 48: 1. O Concello fomentará o estudio, divulgación e realización de actividades encamiñadas a difundir entre o vecindario coñecementos específicos e actitudes positivas con respecto á fauna salvaxe do termo municipal.

2. Prohíbense as actividades susceptibles de causar molestias nas zonas de reprodución, nidificación e cría da fauna salvaxe. Regularase por parte do concello a realización de podas e cortes de prantas silvestres e domésticas sitas xunto a camiños públicos ou susceptibles de constituir perigo por causa de incendio ou outra, nos períodos que non interrompan a nidificación e cría de especies silvestres.

3. O Concello potenciará a diversidade biolóxica das áreas axardinadas, empregando especies vexetais autóctonas, como garantía de preservación da fauna salvaxe. O Concello fomentará a proliferación de especies que servan de alimento e refuxio á fauna salvaxe.

4. En virtude da protección de hábitats, quedan prohibidas as prácticas deportivas (como trial ou motocrós, etc.) susceptibles de causar impacto negativo sobre o hábitat das especies salvaxes no ámbito do termo municipal.

5. O Concello formentará a sinalización adecuada e pasos alternativos nas zonas de tránsito habitual da fauna salvaxe por estradas do termo municipal.

6. Prohíbese a utilización de venenos, insecticidas ou herbicidas que supoñan un perigo para a supervivencia da fauna salvaxe. Tamén se prohíbe a utilización de armas, trampas, lazos, ceptos ou calquera outro medio de agresión á mesma.

7. O Concello promoverá o estudio e fomentará a realización de accións repoboadoras de especies autóctonas en perigo de desaparición do termo municipal.

CAPÍTULO II: DOS ESTABLECEMENTOS.

Artigo 49: 1. Estarán suxeitos á obtención da preceptiva licenza municipal de apertura todas as actividades económicas, profesionais, comerciais e de explotación relacionadas coa tenza de animais. A súa imprantación, requisitos e condicións rexerase en primeiro termo polo disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros vixente, pola lexislación sectorial que lle fora de aplicación á actividade concreta de que se trata (podéndose condicionar á obtención das autorizacións respectivas dos órganos estatais ou autonómicos respecto da materia de que se trate), polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas ou Perigosas, ou, no seu caso, pola lexislación que respecto do contido deste se atopase vixente ó tempo da solicitude.

2. Con carácter xeral, considéranse suxeitas á obtención da previa licencia municipal de apertura as actividades seguintes:

a) Establecementos hípicas, sexan ou non de temporada, con instalacións fixas, que alberguen cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos ou turísticos.

b) Os centros para o coidado de animais de compañía e os destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente e/ou subministro de animais para vivir en domesticidade. Divídense en: lugares de crianza para a reprodución ou subministro de animais a terceiros e establecementos destinados á práctica do deporte en canódromos.

c) Entidades ou agrupacións diversas non comprendidas entre as citadas anteriormente. Divídense en: actividades para a produción e/ou subministro de pequenos animais (cans, gatos, aves, etc.) destinados ós fogares; subministradores de laboratorio; canís deportivos, que son establecementos destinados á garda de cans de caza ou de calquera outro tipo de actividade deportiva; perruquerías caninas; clínicas e hospitais veterinarios; zoos ambulantes, circos ou similares; tendas para a venda de animais de acuario ou terrario como peixes, serpentes ou arácnidos; instalacións de crías de animais para aproveitamentos.

d) Calquera outras que precisen da imprantación nun local axeitado ó uso relacionado coa permanencia, tenza ou explotación dos animais que son obxecto do presente regulamento.

CAPÍTULO III: DO TRANSPORTE DOS ANIMAIIS.

Artigo 50: O transporte dos animais obxecto deste Regulamento realizarase coas debidas condicións hixiénicas e sanitarias, debendo respectarse en todo caso as condicións específicas previstas na normativa vixente sobre protección dos animais durante o transporte.

Artigo 51: Prohíbese o transporte de animais se estes non están en condicións de realizar lo traxecto previsto e se non se adoptaron as disposicións oportunas para o seu coidado durante o transporte e a chegada ó lugar de destino. Os animais enfermos e feridos non se consideran aptos para o transporte, salvo que o obxecto do mesmo sexa sometelos á atención e tratamento veterinarios ou que o transporte non sexa causa de sufrimentos innecesarios.

CAPÍTULO IV: DA EXPERIMENTACIÓN

Artigo 52: Toda actividade experimental con animais que lles poida causar dor, sufrimento, lesión ou a morte, adecuarase á súa normativa específica e requirirá, no seu caso, autorización previa do órgano autonómico competente.

Artigo 53: 1. Os animais destinados a experimentos serán obxecto da protección e coidados previstos nas disposicións correspondentes.

2. Os experimentos levaranse a efecto baixo a dirección do persoal facultativo correspondente.

3. Os animais que, como resultado da experimentación non poidan desenvolver unha vida normal serán sacrificados de forma rápida e indolora.

CAPÍTULO V: CONTROIS SANITARIOS.

Artigo 54: Os plans, programas e disposicións de execución para o control, loita e erradicación de zoonoses e epizootias dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro do termo municipal serán os establecidos polo órgano autonómico competente, sen prexuízo da normativa estatal ou comunitaria en vigor.

Artigo 55: O Concello poderá ordenar o illamento e internamento dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro no caso de que se lles diagnosticasen enfermidades transmisibles, co obxecto de sometelos a tratamento curativo ou, cando isto non fose posible, proceder ó seu sacrificio. Para a adopción destas medidas será preciso que o diagnóstico das enfermidades ou a detección de portadores sexan confirmadas polos servizos veterinarios oficiais.

CAPÍTULO VI: DA INSPECCIÓN E VIXIANCIA.

Artigo 56: É competencia dos servizos veterinarios oficiais a comprobación do cumprimento das obrigas e requisitos esixidos polo presente Regulamento, así como do resto da normativa vixente en materia de sanidade animal e de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro. Tamén levarán a supervisión e control dos programas zosanitarios.

Artigo 57: O Concello facilitaralle ós veterinarios oficiais información e axudas para levar a cabo as funcións mencionadas no artigo anterior.

TÍTULO VI: DOS ANIMAIS ABANDONADOS

Artigo 58:1. Correspóndelle ó Concello a recollida dos animais abandonados ou vagabundos do termo municipal, que os reterá ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.

2. Se o animal non está identificado, reteráse por un prazo de vinte (20) días, transcorrido o cal os centros de acollemento poderán darlle o destino máis axeitado, e só no último caso o sacrificio. Este realizarase baixo control da inspección veterinaria, que poderá utilizar as medidas que estime oportunas para evitar o sufrimento do animal.

3. Se o animal está identificado, avisarase ó propietario, quen dispoñerá dun prazo de dez (10) días para recuperalo, unha vez satisfeitos os gastos orixinados pola súa mantenza e recollida. Transcorrido este prazo sen que o propietario satisfaga o pago dos gastos sinalados, o centro de acollemento procederá de acordo co sinalado no apartado anterior.

Artigo 59: 1. Transcorridos os prazos previstos no artigo anterior, os animais abandonados serán postos a disposición de quen os solicite, durante un prazo mínimo de tres días.

2. O adquirente do animal deberá comprometerse ó cumprimento das obrigas propias dos posuidores de animais, a regularizar a súa situación sanitaria e a aboar os gastos debidos polas atencións veterinarias.

Artigo 60: 1. Os animais que non sexan retirados polos seus donos nin cedidos en adopción no prazo de tres meses, ou antes nos supostos de urxencia, poderán sacrificarse por procedementos autorizados e baixo control veterinario.

2. Os cadáveres dos animais mortos ou sacrificados deberán ser destruídos por enterramento hixiénico ou por incineración.

Artigo 61: Os animais considerados por este Regulamento como potencialmente perigosos poderán ser cedidos en adopción sempre e cando superen as probas de socialización que demostren que o animal non é perigoso para a seguridade das persoas e para outros animais. Tamén deben demostrar que non van producir danos ás cousas, sen prexuízo do cumprimento das obrigas contidas neste Regulamento.

Artigo 62: O Concello poderá concertar as atencións de recollida e acollemento preceptuados neste Título con establecementos recoñecidos para a realización das mesmas, podendo ser estes de titularidade pública ou privada.

TÍTULO VII: CONCURSOS E EXPOSICIÓNS

Artigo 63: A celebración de concursos, exposicións ou calquera outro tipo de certames ou eventos coa concorrencia dos animais obxecto deste Regulamento, esixirá a autorización previa do órgano autonómico competente na materia, sen prexuízo de calquera outra autorización municipal preceptiva.

TÍTULO VIII: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

CAPÍTULO I: DAS INFRACCIÓNS

Artigo 64: 1. Ós efectos do presente Regulamento será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos establecidos no mesmo, así como as condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ó seu amparo.

2. A responsabilidade administrativa será esixible sen prexuízo da que lle poidese corresponder no ámbito civil ou penal.

3. No caso de celebración de espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores, senón tamén os propietarios dos locais ou terreos que llos cedesen, a título oneroso ou gratuíto.

Artigo 65: As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 66: Son infraccións leves:

- a) O maltrato dos animais que non lles cause dor.
- b) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de catorce anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- c) A doazón de animais de compañía como premio.
- d) Non manter ó animal en boas condicións hixiénico sanitarias.
- e) Manter os animais en instalacións inadecuadas.
- f) Non facilitarlles a alimentación adecuada ás súas necesidades.
- g) O emprego de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- h) Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.
- i) A carencia ou tenza incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.
- l) A posesión dun can non censado.
- m) O sacrificio de animais en lugares públicos.
- n) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- o) A entrada de animais nos espazos destinados especialmente a xogos ou espallamento infantil e nas piscinas, agás os cans de guía de persoas con deficiencias visuais.
- p) O incumprimento das obrigas establecidas na Lei 50/99, de 23 de decembro, de réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, non sendo as preceptuadas nos números 1 e 2 do seu artigo 13.

Artigo 67: 1. Son infraccións graves:

- a) O maltrato dos animais que lles cause dor ou lesións.
- b) Mutilalos sen necesidade ou sen o adecuado control veterinario.
- c) Abandonalos.
- d) A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- e) A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- f) O incumprimento das obrigas sobre establecementos, traslados e experimentación de animais sinaladas nos artigos 49, 51, 52 e 53 deste Regulamento.
- g) O suministro de estimulantes non autorizados ou substancias que pidan atentar

contra a súa saúde, agás cando sexa por prescripción facultativa.

h) A non vacinación ou o non tratamento obrigatorio dos animais.

i) A venda de animais doentes, agás que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.

l) A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.

m) A tenza de animais perigosos sen as medidas de protección que se fixan.

n) O incumprimento de calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.

o) Deixar ceibe a un animal potencialmente perigoso ou non haber adoptado as medidas necesarias para evitar a súa fuxida ou perda.

p) Incumprir a obriga de identificar ó animal potencialmente perigoso.

q) Omitir a incrición do animal no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

r) Atoparse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen buceiro ou non suxeito con cadea.

s) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, en orde ó cumprimento das funcións establecidas para estes, así como o subministro de información inexacta ou de documentación falsa.

2. Considérase asemade infracción grave a reincidencia na infracción leve, entendendo que existe tal reincidencia cando se comete unha infracción leve do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á súa notificación, e sempre e cando a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Artigo 68: 1. Son infraccións moi graves:

a) O maltrato dos animais que lles cause a morte.

b) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poida ocasionarlles sufrimentos.

c) A venda de animais con enfermidades infecto-contaxiosas coñecidas.

d) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.

e) A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.

f) Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licencia.

g) Vender ou transmitir por calquera título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licencia.

h) O abandono dun animal potencialmente perigoso, de calquera especie e calquer can, entendéndose por animal abandonado, tanto aquel que estea preceptivamente identificado, como os que non leven ningunha identificación sobre a súa orixe ou propietario, sempre que non estean na compañía dunha persoa.

i) Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.

l) Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.

m) A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións e espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a súa participación neles, destinados a amosar a agresividade dos animais.

2. Considérase asemade como infracción moi grave a reincidencia na infracción grave, entendendo que existe tal reincidencia cando se comete unha infracción grave do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes ó da súa notificación, e sempre e cando a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Artigo 69: As infraccións tipificadas nas letras o), p), q), r) e s) do artigo 67, e as das letras f), g), h), i), l) e m) do artigo 68, poderán levar xuntamente e como sancións accesorias a confiscación, decomiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, e o peche do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licencia para a tenza de animais potencialmente perigosos.

Artigo 70: Consideraranse responsables das infraccións aquelas persoas que por acción ou omisión houberan participado na comisión das mesmas, ó propietario, tedor dos animais ou, no seu caso, ó titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos e, neste último suposto, ademais, ó encargado do transporte.

Artigo 71: As infraccións leves prescribirán ós seis meses, as graves ós doce meses e as moi graves ós dous anos.

CAPÍTULO II: DAS SANCIÓNS

Artigo 72: Das sancións pecuniarias.

1. As infraccións indicadas no Capítulo anterior, agás as tipificadas na letra p) do artigo 66, nas letras o), p), q), r) e s) do artigo 67, e nas letras f), g), h), i), l) e m) do artigo 68, serán sancionadas con multas de:

a) A leves, de 30,05 a 300,50 euros.

b) As graves, de 300,51 a 3.005,06 euros.

c) As moi graves, de 3.005,07 a 15.025,30 euros.

2. As infraccións tipificadas na letra p) do artigo 66, nas letras o), p), q), r) e s) do artigo 67, e nas letras f), g), h), i), l) e m) do artigo 68, serán sancionadas con multas de:

a) As leves, de 150,25 a 300,50 euros.

b) As graves, de 300,51 a 2.404,04 euros.

c) As moi graves, de 2.404,05 a 15.025,30 euros.

Artigo 73: 1. O procedemento sancionador axustarase á regulación da potestade sancionadora recollida na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, así como no Real Decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Concello poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisorio durante a tramitación do procedemento sancionador.

Artigo 74: 1. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións cualificadas como leves, agás as establecidas na letra i) do artigo 66 será realizada polo Concello.

2. A imposición das sancións previstas por infraccións leves corresponde ó Alcalde do Concello.

3. A incoación e tramitación dos expedientes cualificados como graves ou moi graves poderá ser realizada polo Concello, sen prexuízo de que a resolución dos expedientes e a imposición de sancións sexa efectuada polo órgano autonómico competente.

Artigo 75: Das sancións non pecuniarias.

Na resolución do expediente sancionador, ademais das multas a que se refiren os artigos anteriores, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións:

a) O peche temporal ou definitivo, respectivamente, para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos regulados.

b) A prohibición temporal ou permanente, respectivamente, para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais reguladas.

c) A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono para calquera tipo de infracción.

d) No caso de federacións ou de calquera outra actividade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderá suspenderse temporalmente, ou en casos moi graves definitivamente, o exercicio das súas actividades.

Artigo 76: Na graduación das sancións deberán terse en conta a transcendencia social ou sanitaria e o prexuízo causado pola infracción; o ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción; a importancia do dano causado ó animal, así como a reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os titulares ou posuidores de animais considerados potencialmente perigosos deberán proceder á súa identificación conforme o establecido nos artigos 8, 9 e 10 do Decreto 90/02, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia. A tal efecto, esta obriga esixirase de conformidade con esta norma, non sendo de aplicación ata a entrada en vigor da mesma.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza municipal sobre animais aprobada polo Concello Pleno na sesión de 28 de xaneiro de 1992 (publicada no Boletín Oficial da Provincia de 16 de maio de 1992), e a súa modificación aprobada polo Concello Pleno na sesión de 22 de decembro de 1992 (publicada no Boletín Oficial da Provincia de 27 de febreiro de 1993).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites de exposición pública e aprobación definitiva no seu caso e transcorrido o prazo regulamentario ó que fai referencia o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.